

# REXURDIMENTO

Redacción e Administración

Praza dos Irmáos García Naveira, núm. 22

## BOLETIN QUINCENAL

ORGÃO DOS INTERESES MARÍNÁS

### PREZOS DE SUSCRIÓN

Betanzos, trimestre	0'60
Fora da localidade	0'9
Esempar	0'10

ANO I.

Betanzos, 1 de Setembro do 1922.

NÚM. 3

## NOSAS RÚAS

Betanzos, a arcaica capital das Mariñas, ofrece ao home areloso de sensacions espirituais a inefavel dozura, a recollida poesía que palpexa no ambiente austero e romántico das súas vellas rúas, fermoosos reliquarios que encerran toda a riqueza artística e, ao mesmo tempo, constituyen os valores más ou- tos e representativos d'ista vella cibade. Porque Betanzos, a máis das súas ridentes veigas, dos seus feiti- ceiros paisaxes, capaces dos más elevados e subrimes transportes, da sedante praticitude dos seus doux ríos, cuia eispréndida beleza debira ser cantada pola lírica pruma d'un Anacreonte, posee, pra regalo de quen o visite, rúas laberínticas, solitarias i-oscuras, que se deslizan unhas por baixo d'antiquados teitos, e outras enredanxe en inestricavels madeixas de sórdidos e deneigridos pasillos; rúas que forxaron, a través das vicisitudes dos tempos, o espírito do povo, e que ainda conservan nos seus negros e musgosos muros, cubertos d'herbiñas, o típico encantamento do tradicional e lexendario.

Estos durmentes i-esquecidos logares, de



casas cativas e señorás, alleas á influenza do urbanismo moderno, tan eisento de tradición, d'esprito e d'arte, que levan nomes tan pomposos como Sánchez de Taibo, Cervantes, Díaz de Lemos, brindannos ó sortilegio magnífico da súa poética visión e transpórtanos

a i-alma ás outas rexios do ensono; istas homildes e sinxelas praciñas, que envolven na morna caricia da súa atmósfera mística as suntuosidades d'un arte no cumbe do seu esplendor, predisponen o ánimo do visitante, capaz de comprender o valor da emoción estética, a unha tenra e saludabre sentimentalidade. Non hai nada pra gustar da dozura das prácidias ensoñaciós coma a calma relixiosa que sai d'istos recunchos maxicos, sumidos en gratas penumbras, cheias de silencio, e dos que surxe nas horas nocturnas, algunha d'isas vellas de dilatada seneitude ás que o vulgo atribuie o misterioso e ma-

léfico poder d'unha meiga...

Ante unha das rúas mais empinadas e estreitas, a que ostenta un sombrio e veneravel alciprés, dibuxéi, fantaseando un pouco a realidade, a lámina qu'ofrezo os leitores.

Betanzos,

J. V. R.

# COUSAS HOMILDES

## As bárcas enloitadas

Perto dos peirao, nas acurrunchadas praias dos pobos mariñeiros, hai decote unhas barquiñas mouras que teñen a sinxela feitura dos cadaleitos... Son as que soen ir catal-o peixe dos probes cando fuxiron todal-as cridades da lus axudadora, e van vestidas de loito pol-as suas irmás que se mergullaron nas lonxanías cinzentas, deixando atrás d'elas a longa dôr da miseria e da orfandade.

## Aínda hai lus no pinal

Pechou de todo a noite, i-emporiso, ainda hai lus no pinal... É unha lus feble e misteriosa, acochada aló enriba, baixo das outas copas sonoras: un anaco do morto dia, apreixado cobizosamente pol-os bós pinos paternae, pra que poidan atopal-os seus niños os paxariños novos que foron lonxe...

## Noivas-nais

Hai unhas noivas brancas que coidan que os homes somos nenos decote. O doce quentor do seu amore, envolvéndonos como unha misteriosa voz, donda e guieira, vai arredandonos dos perigos da vida e fainos ser xenerosos e sereos, ainda no medio das baixas aúcios humanas.

El Señor vos apare unha d'esas noivas brancas que, na paz do serán, cando pensativos e cobizosos ollamos ó lonxe, loitando por rachal-a brétema azul que rube das lonxanas vilas engaioladoras, tápannos os ollos coas suas maus pequerrechas e nos acariñan contra o seu peito de nais, todas latexantes de anguria...

M. F. Barreiro.

## ÁS MULLERES BRIGANTINAS

A muller en todas partes—n'ista solemne hora da *post-guerra* vése ben craro—pero inda como en ningures na Galicia, ten unha sagra misión que cumplire. Xa non hay problemas unisesuales no mundo. Cantos problemas avalan á sofrida humanidade son problemas de homes e mulleres. Hasta agora ás nossas mulleres só tiñan deberes, mais apenas direitos. Como dixo aquela dona orgullo da raza, Concepción Arenal, a muller na España únicamente pode ser «reina ou estanqueira». Pero o Estado que lle non concede direitos, eisíxelle en troques que contribuía

as cáregas oficiais de xeito económico, coma se fosse home. E dalle trato de home cando ela, recollendo e termando dos sentimientos do fogar e do agro, sai á praza pública para defendelos. Entón, e só entón, a lei, obra absolutamente masculina, reconécelle o «direito común»: o triste direito a ser branco do mauser, como llo reconece ós nenos. ¡Osera, Nebra, Narón, Sofán!...

E chegou a hora de reacionar contra todo isto. Chegou a hora de pensar, mulleres galegas—e nós dirixímonos especialmente ás de Betanzos—, que dos dous millóns d'almas que alentan na nosa terra, preto do millón d'elas son almas femeninas. Almas que sufren, loitan e traballan com'os homes e que sostituyen ós homes cando éstos botados para a emigración saen do país, facendo de cabezaleiras de familia, de labradoras do sulco, de sostén dos fogares.

E mestér, pois, a vosa resolta intervención na vida pública. Mais no só d'un xeito político; que inda sendo iste d'importanza, hay outros de maior transcendencia e que ó longo derivaranse hacia él. E mestér que axunteades a vosa forza «inédita»,—cheia de senso práitica e de sentimentalidade—á forza un pouco euxoita xa dos homes. Chámavos o arte galego, a industria galega, a caridade galega, que algúns dia ficará marcha po lo trunfo da xusticia. Chámavos con voz imperativa, que chega do fondo da raza, a doce poesía ateigada de doór que sintiu por todas a santiña meiga Rosalía. Que na nosa terra como en ningures da Iberia, poida a muller ter senso representativo universalista. No patriotismo e no valor, con María Pita, na cencia co Arenal, na literatura co-a de Castro, Pardo Bazán, Casanova e tantas outras; no altruismo con Teresa Herrera, coma «carne de mauser» en cen lugares diferentes, e coma artista espontánea na comarca brigantina e en moitas más onde tece a cotio a tea d'araña d'uns encaixes velaiños e fermosos.

Pensando nas «viudas de vivos» e nas que poden ser axiña «viudas de cidadans» n'istas horas de avallamento d'ideas e sentimentos, vosotras, mulleres de Betanzos, poi-as que o voso seso comenza a falar con voz europea,—tedes que emprestarnos a axuda percisa que no nome do porvir dos vossos fillos, vos pidimos, cobizando como un tesouro secundo o agrario das vossas almas. Terá de ser de gloria para a vella e histórica Brigantium a data aquela na que vosotras venades cabo de nos dispostas a laborar polo rexurdir da Patria.

## NACIONALISMO

Aínda hai moitos a quienes pón medo e asusta a verba nacionalismo. Por incompreension do que significa coidan que a nosa idea é revolucionaria e por eso pónlle medo.

Naturalmente que o ideal nacionalista é revolucionario si temos en conta o estado de desgalleguización en que se atopa a nosa Patria. A revolución que nós estamos facendo non é, como eles coidan, unha revolución no significado que eles dan a esa verba que é o significado de andar a tiros. Non.

Pol-o de agora ainda non chegou ó tempo.

A revolución nosa é de desfacer, de arredar de nós todo o que non é noso, de ollar para o noso interior e reconstruirnos tal e como é o noso espírito, a nosa alma. De sermos galegos, n'unha verba. Queremos ser galegos porque non sendo galegos non somos nada e nós queremos ser algo. ¿Está craro?

Por eso, nacionalismo galego querer decir galeguismo. Pero non un galeguismo de percalina, non un galeguismo de «yo quiero mucho a Galicia porque es muy bonita», un galeguismo barato, pobre, limitado, ridículo; un galeguismo de «yo soy tan gallego como el que más»; nós non decimos nunca semellante cousa, amostramos feitos que son más eloquentes que todo canto se poida decir. Nós queremos e pregoamos un galeguismo, puro, verdadeiro, integral. Só así concibese o verdadeiro galeguismo. Todas-as demais son postures adoptadas a derradeira hora porque agora xa todos queren ter dereito a se chamar galeguistas. Máis non por eso merecen censura os que así fan e pensan. De ningún xeito. E proba de que ainda que sexa pouco a pouco, vailles preocupando o actual rexurdimento galego. Son señales dos tempos. Bó é que vaian abrindo os ollos e tendo intrés, que xa virán pasenñamente a nós. A cuestión é iniciarse, que despóis todo ven á carreira. Poña cada ún canto poida n'esta obra patriótica.

Así pois os nacionalistas, os que non admitemos termos medios, cando do amor á Terra se trata, que non outra cousa é a verdadeiro goleguismo, ímos á vanguardia d'este glorioso rexurdimento da nosa concencia galega, da nosa propia e indiscutible persoalidade, e confiamos en que non tardarán moito tempo en nos comprender os que hoxe non nos entenden, para no día de mañán cantar todos xuntos o hino trunfal da nosa liberdade, porque xa temos unha patria.

Ollade con amor o ideal nacionalista, tede intrés en o comprender, e xa veredes como todos remataresedes sendo nacionalistas. Si o non sodes xa é porque hasta agora ningún vos falou d'elo. Máis hoxe xa tendes onde adeprender a ser bós galegos, integralmente galegos, que é o que significa ser nacionalista.

O Consello direitivo da Irmandade Nacionalista (Delegación de Betanzos), préganos comuniquemos a todolos socios que componen a dita entidade, concurran o lunes, 4 do corriente, á xunta xeral qu'ha de ter lugar no seu domicilio social, ás oito en punto do serán, onde s'irá tratar d'asuntos moi importantes.

## FIGURAS D'ACTUALIDADE



Tanguay, 18 de xaneiro,

1922

## TEIXEIRA DE PASCOAES

POR A. CEBREIRO.

## FALA DO SOL

*Aos jovens poetas galegos.*

N-um lar azul sem fim  
sou velho tronco a arder.  
Ha florestas de mãos voltadas para mim,  
velhinhas, a tremer...  
Os cegos andrajosos  
gritam por mim nas trevas. Querem luz!  
Gritam por mim as arvores desfolhadas,  
os roxos corpos nus,  
as fontes congeladas  
e os ventos invernosos...  
Gritam por mim, é noite, a voz dos mundos  
e os poetas moribundos...

As lagrimas da chuva,  
as lagrimas do orfão e da viúva  
as lagrimas dos trágicos veucidos,  
as lagrimas dos mortos esquecidos,  
pelas noites de outono, errando ao luar.  
vendo-me, em alvas nuvens se evaporam;  
Nuvens que eu bebo, a rir, pelos que choram,  
erguendo a Deus meu calix de amargura,  
meu calix de oiro acézo, a trasbordar,  
cheio de toda humana desventura...

*Teixeira de Pascoaes.*

## O INCIDENTE DE LUGO

Moito se nos ten preguntado en col da verdade do que sucedeu en Lugo no comenzo d'iste vrao, con respeito ás desavenencias que surxiron un día entre os paisanos i-os militares. Inda que seña un pouco tarde pra comentar agora o sucedido, vai a continuación unha nota que nos envía un colaborador, que pode dar conta resumida do caso de referencia.

As diferencias que hay entre militares e paisanos non deixan de se mostrar o esterior na moi dina capital galega, até o feito d'agora, que non quero deixar de contar inda que sexa en dúas verbas, e que traería como consecuencia cecais, sair da cibdade do Sagramento o reximento que está alí de guarnición: os comentarios os deixo pra o leitor.

Volto da campaña que sostén España en África, o batallón do reximento de Zamora, dimpois de lle facer un gran recibimento, viñanse notando nos paseos e diferentes sitios da cibdá, algúns altercados entre os cibdadáns e aqueles outros que teñen por carreira as armas e a guerra. Cecais non fora de moito mérito para eles, os contos ou relatos dos soldados encol defeitos pasados na campaña, y-especialmente dos de cuota, que ô lles dar a licencia non se gardaban de falár moi claro.

Foi o caso que estando no paseo da "Praza Maior" un oficial do dito reximento, poido non agradar con algunha forma a unha señorita (que non cito por non ter auxeto) e qse o vel-o o xoven abogado que a acompañaba, foi a pedir as debidas espricaciós ao militar quen cos seus berros chamou á xente, formándose dous bandos de discusión que se somellaban moito a unha lóita d'enemigos, na que remataron fuxindo os militares ao cuartel.

Volta a xente da batalla, erguéuse sobre d'unha cadeira o moi culto profesor do Instituto Sr. Charfolé, e dirixe a verba dicindo en público, moi ben dito, cousas que agora non repito; mentras a xente pedía que se fóran os militares de Lugo.

Cando na gran e popular sociedá "Círculo de Bellas Artes" iba a entral-o coronel do mesmo reximento, o portero díolle que tiña ordre da direutiva de non deixar entrar a ningúen que fora militar, cordando a mesma dállos de baixa a todos.

Si esto ha ser unha boa nota pra cibdá de Lugo, que ha figurar en parellas co adianto material que n-ela se fái, dinia de pórse d'enxemplo, Betanzos, inda que non tan adiantado, xa amostrou antes un sentimento someillante.

LUCORDIA.

## Novas locaes

O Concello acordou solicitar da Compañía de Ferrocarrís do Norte, a expedición de billetes de 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> clás para a Coruña no correio.

Sabido é que desde Betanzos á Cruña e viceversa, non se despachan billetes no correio máis que de 1.<sup>a</sup> clás, e somente d'ida. Esta medida era moi arbitraria xa de por si, sobre todo para o correio do serán que é o único tren que até ás 7, sai da estación do Norte con dirección á Capital da Provincia. Emporiso chegou ó colmo a admiración dos brigantíns ó sabere que

dende Guísamo á Cruña espéndnese toda clás de billetes para o referido convío.

Pol-o visto a Compañía do Norte ten establecidas certas normas únicamente para amolar ós de Betanzos.

Poñémonos en todo á beira do Aumentamento, e protestaremos rexamente si non son atendidas ás súas xustas reclamacións.

Dinnos que vai resultar moi interesante a festa que os veciños de Nosa Señora i-o Ponte Vello van celebrar en honore da virxe dos Remedios.

Eneses días inaugurarase unha nova campana na igrexa donada pol-o veciño, recientemente ido para a Habana, D. Alfredo do Pico.

Onte comenzou no referido templo a novena tradicional, qu'ha rematar nos días das festas, e, pol-o visto estaba moi concurrida.

O que non ten nada de particular, atendendo á grandísima devoción qu'espertou sempre a imaxe qu'alí se venera.

Varios agricultores da comarca viñeron en comisión solicitando do Concello a supresión d'impostos sóbor da uva ó entrar na povoación con destino á elaboración do viño.

## PANOS E TECIDOS

### Casa d'Abarrategui e Bonome

Sánchez Bregua, 3 (Soportáis d'a Praza)

BETANZOS

O Banquete ofrecido ó Bispo de Lugo o derradeiro 17, resultou un aito moi simpático. Frente á casa Consistorial situouse a banda de música militar executando escollidas obras.

O Baile tradicional organizado en obsequio ós festeiros o día 17, resultou dos más concurridos de cantos se recordan, ofrecendo os elegantes salós do «Liceo», un sorprendente efecto tanto pol-o animado da festa coma pol-a feiticeira beleza das señoritas que ali s'atopaban.

No simpático Bergondo celebráronse grandes festas nos días 20, 21, 22, 23 e 24 do mes que finou onte. Lucía durante estos días unha bonita iluminación eléctrica na carretera, e houbo bailes concurridos, tanto no campo de Sanín como á beira da estrada.

Amenizaron os festexos as populares músicas Nova de Guiiade e a do Copeteiro.

A cantidade de xente que en Bergondo se xuntaba neses días era verdadeiramente d'admirar, e toda canta familia ali s'atopa non sabía como gabar a sorprendente fermosura das feiticeiras rapazas d'aquel anaco do ceo.

Varios veciños comunicáronos espresemos o ogradoceimento máis cumplido ós dinos empregados do Concello señores Couce e Lizarrurri, que, na pasada folga de Correios, contribuíron, con gabado esforzo, a normalizar no que cabe, o servizo de correspondenza.

## D'UNS E D'CUTROS TEMPOS

### DUAS POESÍAS

*Cantiga de Macías para sua amiga.*

¡Cativo! de mia tristura  
ja todos prenden espanto,  
e preguntan, ¿qué ventura  
é que m'atormenta tanto?  
Mais non sei no mundo, amigo,  
a que mais do meu quebranto  
diga desto que vos digo:  
*Quen ben sée, nunca devia  
al pensar, que faz folia.*

Cuidei sobir en alteza  
por cobrar mayor estado,  
e casi en tal pobreza  
que moiro desamparado;  
con pesar e con desejo  
qu'ei, vos direi ¡mal fadado!  
o que oyo ben e vejo:  
*Cuand'o louco cre más alto  
sobir, prende maior salto.*

Pero que provei sandeçé  
porque me dera pesar,  
mia loucura assi cresce  
que moiro por en trovar;  
pero mais non averei  
si non ver e desejar  
e por en, así direi:  
*Que en carcer soc viver  
en carcer se vai morrer.*

Mia ventura en demanda  
me puso a tan dubidada,  
que mi coraçon me manda  
que seja sempre negada;  
pero mais non saberan  
de miña coita laz'sada,  
e por en, assi dirán:  
*Can raxioso e causa brava  
de seu señor sei que traba.*

MACÍAS «O NAMORADO»  
(Século XIV) (1)

## O PAXARIÑO

### MADRIGAL

Do sol da tarde ós rayos derradeiros,  
c'un fól de gráu de millo na cabeza,  
veira do río mesta de ameneiros,  
toda arume, frescura e xentileza,  
iba cara o muíño  
a moza por quen peno namorado,  
—arca y espello das espranzas miñas—  
cando no médeo e médeo do camiño  
veu na lama, baténdose, abafado,  
e-o piquiño entraberto y-as aíñas  
pingando, murchas como axada rosa,  
un probe paxariño

(1) Este famoso troveiro, que pasou á Historia d'un xeito lexendario, leva cecás o nome de «Namorado» por haber feito esta cantiga, na que, d'un xeito figurado, fala tristemente de morrer n'unha cárcel.

que, o rebulir, caira da follosa  
ponla en que tiña feiticeiro niño.

Pra facer ben nin tarda nin esquiva,  
pousou o fol a nena compasiva  
y agarrando o paxaro con tal zeito  
que dera en vexa á nai mais garimosa  
un pouco avergoñada, rindo ledá,  
falándolle mimoso,  
púxoo, como n-un leito  
de soave e branda seda,  
rente da carne morna do seu peito.

Acochado de seo na quentura  
un bon anaco tivo o prisioneiro,  
—naide kaula gozou de tal dosura!  
y-o ver que lle facía  
cóxegas co peteiro,  
sentido que xa legre rebulia,  
colleune con amor, déulle un biquiño,  
botóulle a man a ponía do ameneiro  
e deitóune no niño.

Mais o paxaro tolo por sua dona,  
—jou milagre de amor, díne de sona! —  
a prisión pracenteira  
y-ós agarrimos mólicos afeito,  
dende o niño arroxouse na lameira  
chilando por volver o mormo peito.

RAMÓN CABANILLAS.

## Artistas de Betanzos

Todolos os nosos leitores saberán de seguro, os triunfos obtidos recientemente por artistas do noso povo en diversas poblacions da Península e más de fora d'ela.

Non queremos falar agora do noso querido compaño Veiga Roel; que c'os seus fermosos dibuxos tanto ten admirado a todos. Tócanos demasiado de cerca este rapás para non querer gabalo n'istes instantes.

Tampouco imos falar do enxebre Crestar, que tantos laureiros ten levados en algunas exposiciós recenteme celebradas. Este, como Veiga, han ser admirados por nosos leitores, xa que nos conceden o gran favor de colaborar na parte artística do noso boletín.

Hoxe imos dedicarlle, sómentes duas liñas de me-recida louba o xa consagrado Seijo Rubio.

Os xornales de México, chegados istos días derradeiros, amostran uns soltos encomiásticos dedicados a exposición d'Arte galego que ali presentou o distinto pintor brigantín.

Os asuntos das obras son de carácter intensamente galego.

Moitos son os xornales que trataron d'ista exposición que tivo lugar nos salóns do «Real Club España». Entre eles «Excelsior» e o «Diario Español». Iste derradeiro di:

Continúa sendo moi visitada por artistas, afeizoados e membros da nosa colonia, a Exposición de pinturas gallegas do notable pintor señor Seijo Rubio».

Moito nos agradan os triunfos dos nosos concibeadás, e este de que tratamos agora tomamol-o casi como noso,

## AS NOSAS FESTAS

Os nosos comentarios encol da celebración das primeiras partes do programa dos festexos, finaron no 16, c'a saída do segundo número de «Rexurdimento». Hoxe continuaremos falando do máis saliente de todo o que acontecéu nos días sucesivos. Coidamos, d'este xeito, complacer a algúns dos brigantís que viven fora do seu povo.

O aito da colocación da primeira pedra das novas obras da rúa de S. Francisco, hoxe d'Ana González, resultou lucido e solene. Pronunciaron discursos o alcalde señor Sánchez Díaz, o Bispo de Lugo e o donante señor González. Todos fono moi aplaudidos. O final entregóuselle ó señor González, unha artística praca de prata c'a firma de todolos concelleos. O bon gusto do artista que a construíu foi moi gabado por todolos que a ollaban.

Finalizou a ceremónia c'a execución, pola banda d'Isabel a Católica, do Hino Galego, e mentres tanto, moitos dos concurrentes, firmaban unha aita na que constaba que eran testigos do solene aito.

A velada tradicional da noite do 16, celebrouse este ano c'a meirande concurrencia que se pode maxinar. A elevación do "Globo Grande," foi maxestuosa i-admirable. Queimáronse moitos fogos d'ar e de praza, gustando moito a clásica «Fronteira».

Os paseios nos Cantós estiveron tan animados que non era posivel qu'ademitiran máis familia.

O número máis importante do dia 17 constituíunno a festa celebrada nas escolas García irmáos. Moitos nenos que reciben instrucción nas ditas escolas, foron premiados con artísticos diplomas en premio á sua aplicación, e, ademais, entregóuselles diñeiro en metálico c'o fin de que o fixeran ingresar na Caixa Postal d'Aforros.

A continuación, algúns nenos, cantaron c'as súas frescas boquiñas unhas cantas canciós, entre as que sobresaliu a meiguísima balada do noso Salvador Golpe «Meus Amores». Rematou a festa c'unha emocionante manifestación infantil ante a tumba do que foi filántropo D. Jesús García Naveira. Ante o sinxelo cadaleito fono ceibadas multitudes de froles nadadas n'esta terriña e récoñidas polas manciñas dos rapaces brigantís.

Amenizou o aito a banda de música militar, que interpretou ledas composicións.

O día 18 amaneceu con tempo tan fermoso, que facía presaxiar unha festa de Caneiros d'esas que hán faguer época.

As esperanzas non foron defraudadas, pois, en efecto, a famosa xira polo Mandue resultou merecente d'as más outas manifestacións de gabanza.

O 19 celebráronse preto do Penso as anunciadas regatas. O festival concurriu moita xente. Máis abofé que a festa en sí non valéu gran cousa.

Emporio, ó se rematare o festival, organizouse, nos Cantós, un paseio concurrido d'abondo.

O día 20 tivo logar a rifa da cuxa, que, para sufragar os gastos das festas, adequiriu a Xunta Popular.

Correspondéu a sorte ó número 6.390, e o agraciado foi un garda agullas da estación do Norte, do que non sabemos o nome.

O día 24 celebróuse a tradicional romería de San Paio. Temos o deber de decir, como imparciales, que a festa valéu pouco este ano, sendo a concurrencia escasa.

O día 25, derradeiro de todolos festexos de S. Roque, resultou ser unha data moi atraente.

Este día no que os brigantís estableceron unha a modo de festa eminentemente local, resultou moi simpático. Os Caneiros celebrados no serán, inda que menos concurridos que os do 18, resultaron cecais más típicos e ordenados.

Chamou a atención o bote do señor González, que a más d'ire moi adornado, levaba, por decilo d'este xeito a dirección da alegria e o bon humor.

Non queremos rematar esta reseña, sin denantes chamar a atención do Alcalde encol de algo que coidamos debe merecer toda a consideración necesaria.

Trátase de que moitos forasteiros e veciños do noso povo están indinados de que non se tome ningunha medida por ver de quitar o noxento polvo que se ergue no campo dos Caneiros durante a celebración da famosa festa. Nós coidamos que son ben doadas de suprimir esas antihixiénicas e molestas nubes de pó, sin más que plantar herba adrede para os campos qu'han ser pisados, herba que na Maríña débese lograr moi axiña e que, por outra parte, non debe costar moito nin tampouco debe necesitar moitos cuidados.

Crémos que con boa vontade poderiase deixar contento ó povo. E, si se vai a tomar en consideración o que nós propoñemos, coidamos que se ten de levar á práctica agora mesmo.

## D'IRLANDA

Un episodio máis da loita sin cuartel que asolaga o chan de fernosa e desgraciada Erín temos que rexistrar hoxe n'ista sección dedicada a comental-o movemento redentor que por conquerir a libertade que arelan, veñen sustentando nosos irmáos do Norte.

Suponemos enterados ós nosos leitores, pola prensa cotidiana, do encontro que houbo, fai poucas datas, entre uns cantos patriotas rexos, un pequeño grupo d'ises repubricanos partidarios da independencia absoluta, que acaudilla un espírito de fogo, unha alma meridional encerrada nun corpo do Norte, o indomábre De Valera, c'un fato de moderados, ese outro partido que sigue as inspiracións dos delegados que firmaron o convenio con Inglaterra; ese tratado noxento, que non remediu ningunha das lacras que corroen á terra irmá, sinón que, polo contrario, ven a ser un grillón máis a atenazar seu aldraxado corpo. Foi un cebo de morte, que os politecos ingreses, coa ladina

sotileza, si iles tradicional, fixeron tragar a tres infelices que coidaron habería inda algun resto de sinceridade na comparsa de Lloyd George, e que, más tarde, ó descobrir seu erro, tiveron de verter bagoas d'arrepentimento. Decimos que foron tres somente os embaucados, pois inda cando aparecian cinco firmas de delegados irlandeses estampadas ó pe do tratado, duas non deben mentarse, porque, como bos traidores, apersuráronse a escupir a penzoña, menos mortífera que os seus feitos, que con estudiada comedia finxiron tragar. Un dos primeiros, Barton, en canto se deprocató da trampa en que estaban a punto de caer, corréu ó lado do verdadeiro "leader" da causa irlandesa, De Valera.

No encontro pereceu Michael Collins, xefe do encrenque goberno provisional da Illa. Por máis que tivo a debilidade de suscribir o pacto de Londres, e inda cando actualmente viña a ser o xeneralísimo do exército que, auxiliado pol-o goberno inglés trata de exterminar as partidas de patriotas libertadores non conformes con tan demigrante concerto, debemos de sentir sua morte con toda a y-alma, pois temol-a seguridade que ó acollirse ó partido de intelixencia con Albión, fixoo impresioado pol-o océano de sangue que sua patria ven derramando sin mayor froito, e co desejo de poñer término a horribel e fraticida loita. Coidou tamén que, dende a outura do poder e con base d'apoyo tan considerabel como o actual réxime d'autonomía, podería ver realizado seu son de toda a vida, e ansiosa independencia da patria, inda cando non se esquencia que pra chegar a isto tería que desplegar toda a súa dipromacia i-actividade.

Por iso mesmo defendeu sempre o convenio con estas vervas "Opino que o tratado danos a libertade, non o derradeiro grado de libertade, que toda a nación araña; sinón a libertade de conseguir este fin".

Da súa xuventude, do seu talento e das súas dotes de incansabel orgaizador, podían seus compatriotas e toda a raza céltica esperar moito; por iso é merecente d'un recordo de gratitudine.

Que a sua morte poña termo á loita sin tregoa en que nosos irmáos se debaten, e que marque o comenzo d'unha nova etapa de paz e libertade!, pois seguros estamos que seus manes darán por ven vertido o sangue da derradeira víctima que percisábase pra ter roxo d'abondo con que tinguer o vermelleiro alborexar da independenza d'Irlanda.

Prégase a quien atopase unha pruma estilográfica o día dos Caneiros do 25, a entregue na redacción d'este boletín, onde se lle gratificará.

## BRIGANTINOS:

Si queredes mercar mobles baratos, visita de a nóva sucursal do Bazar e Almacén de mobles da rúa Valdoncel, núm. 43, onde atoparedes xetos que deseedes a precios moi económicos.

Ca-

**ESTEAGENOL LAFONT**  
en el **VALDONCEL**, n.º 43, CRUÑA.

(SIN BAÑO)

O producto científico  
**ESTEAGENOL LAFONT**  
é o remedio soberano contra a SARNA. Sólido, de grato olor. Precio 1'50. En todas las Farmacias e Droguerías de España e Norte d'Africa, e na casa da Viuda de Lafont, Cantón Grande, 39,


(SIN BAÑO)

BETANZOS

## ANAGRAMA

POR C. P.

Lembrámonos de vere en certa ocasión, e nas carteleiras d'un importante coliseo, esquito en grandes caracteres:



¿Qué nomes e apellidos de dúas fermosísimas rapacás da loca idade resultan da combinación das letras d'istas frases?

A solución ao ogogrifo numérico do número anterior é

**CANEIROS**

A solución ao anagrama do número anterior corresponde á feiticeira

**JOSEFITA DURAN**

# LA VERDAD

e paninhos, todolos días dibuxos novos. Verdadeiro derroche en lenzos e xéneros blancos.

**SALDO DE RETALES E XÉNEROS DE PUNTO**  
**PRECIO FIJO**

En crespós, marrocains, lás, sedas, fulares, nansús e demás novedades pra señora. E a casa que presenta millor surtido. En pañería

**VALDONCEL, 2**

**PAQUETERÍA, QUINCALLA  
EL GATO NEGRO**

— PRECIO — IXO —

**Viuda e fillos de Va**

Casa especial pra ouxetos d'adorgúis dos briás.  
Louza e bateiría de coxiña povo.

Vidrio cha e oco. Pinturas: iméira pe-

Venda eiscrusiva da KROMI S. Fras.  
Venda eiscrusiva dos cementos marca «ANCORA»

dos fillos de Rezola de San Sebastián.

Materias de construción.

RUA TRAVESA, 35 E 37. TELÉFONO, 15

**BETANZOS**

Antigua casa establecida no ano 1879.



**ZAPATERIA  
DO CANTON**

A que máis surtido ten.  
A que máis barato vende.  
Compre vostede ali.

**JOSE IGLESIAS MASDIAS**

MERCEAIRÍA, PAPELEIRÍA E QUINCALLA  
Praza da Constitución, 2.

**FERRETERÍA**

Ferramentas, Ferraxes e Puntas. — Gran surtido en  
bateiría de coxiña.

Non merquedes denantes de visitar esta casa.

Ferreiros, 19.—**BETANZOS.**

**H. COMERCIO**

Ramón G. Pernas  
(SUCESOR DE JOHAN LOPES)

Praza d'Arines.—**BETANZOS**

É a millor, máis céntrica i-ecómeca da cidade. Visitenla os señores viaxeiros e convenceránse.

Si queredes mercar barato visitade o novo  
establecimiento de

**PANOS, TECIDOS E NOVEDADES**

— DE —

**R. MONTES**

Ruatravesa, 2, esquina ós Prateiros, — **BETANZOS**

**PRECIOS FIXOS**

**“HIJOS DE A. NUÑEZ”**

CASA FUNDADA EN 1871.

Almacés de tecidos e móbiles

Sánchez Bregua, 2 e 13

Librería, Papelería, Paquetería e Quincalla

Plaza d'Arines, 32.

— BANCA —

Compra-venda de valores, xiros, órdes telegráficas e  
toda crás d'operaciones bancarias.

**FARMACIA E LABORATORIO  
DOCTOR COUCEIRO**

Plateiros, 8 (Frente á Ruatraviesa)

**BETANZOS**

**JOSE FERREIRA**

MENDES NÚÑEZ, 17

Tecidos nacionaes i-estranxeiros.— Paquetería e  
Quincalla.— Gran surtido en paraaguas.— Por fin de  
temporada sáldanse etaminas, crespós, sedas e toda  
crás d'artigos de vran.

Visiten esta casa e mercarán a precios baratísimos

**NOS**

BOLETIN MENSUAL  
DA CULTURA GALLEGA

Ademítense suscripcións n'esta redaición.

Aparellos e accesorios cinematográficos.

**L. GAUMONT**

Casa central en París. Representante en Galicia, Xo-  
sé Veiga, Méndez Núñez, 17,

**BETANZOS**

**GRAN CASA PRA VIAXEIROS**

**COSÉ BARREIRO REY**

Monxas, 4-A.

Teléfono n.º 44

**BETANZOS**

**CONFITERÍA**

**Constantino Rábade**

SOPORTÁS DO CAMPO

Dulces finos

Fanse toda crás d'encárregos.

**Imprenta de M. Villuendas, Valdonce, 50**